

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O EXCMO. CONCELLO DE FERROL PARA A CESIÓN A TÍTULO GRATUITO DUNHA PARCELA E A CONSTRUCCIÓN NELA DUN CENTRO DE RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou co Concello de Ferrol, o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia, en tanto subsistan as circunstancias que motivaron a súa sinatura, que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o como máximo catro anos, podendo ser obxecto de prórroga por outro prazo similar ou inferior.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de Ferrol e a Consellería de política Social para a cesión a título gratuito, por parte do concello, dunha parcela para a construción e posta en funcionamento dun Centro de Maiores, sito na cidade de Ferrol, para atender a maiores en situación de dependencia no marco do plan “Como na casa”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Ambas partes teñen obxectivos comúns e competencias concorrentes no ámbito da asistencia social, supresión de barreiras e accesibilidade.

Conforme ao establecido no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ostenta as competencias de dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade



e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

O concello de Ferrol, de conformidade coa Lei de Bases do réxime local, para a xestión dos seus intereses e no eido das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Así, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizo sociais de Galicia, atribúe ás entidades locais competencias en materia de detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito territorial.

Asemade, a referida Lei 13/2008, do 3 de decembro, establece que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

A Consellería de Política social está a traballar no plan “Como na casa”, no que se prevé a construción de sete novas residencias públicas, unha en cada gran cidade galega, para a tender a maiores en situación de dependencia.

Na cidade de Ferrol prevese a construción dun Centro de Maiores cunha capacidade de 120 prazas, para cuxa realización a Consellería de Política Social se comprometeu a poñer a disposición da FAO, aos meros efectos da realización das obras, o terreo correspondente.

Por medio deste convenio o Concello de Ferrol comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión do devandito terreo, a través da fórmula oportuna de conformidade coa normativa patrimonial, á Consellería, e que esta sexa apta dende o punto de vista urbanístico para construción de residencia para persoas maiores, a devandita parcela será obxecto de cesión libre de cargas e gravames.

Asemade, o concello comprométese e dentro das posibilidades legais permitidas a promover a modificación das ordenanzas fiscais para a aplicación das bonificacións que sexan posibles a favor deste centro de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, no pagamento de impostos, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.



A Consellería de Política Social comprométese, unha vez aceptada a cesión e adscrito o inmovible, á construción, nos terreos cedidos polo concello, dunha residencia para persoas maiores, dentro do plan “Como na casa”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social

María Francisca Gómez Santos

